

## **BOLETÍN SINDICAL DA CIG-TELFÓNICA EN PONTEVEDRA** **Informe do Pleno de Constitución do novo Comité provincial,15-4-2011**

# **CC.OO. E U.G.T. MATARON O COMITÉ!**

No día de hoxe constituíuse o Comité Provincial emanado dos resultados electorais do pasado 31 de marzo na provincia de Pontevedra:

1. CC.OO.: 193 votos; 6 Delegados.
2. **C.I.G.: 95 votos; 2 Delegados.**
3. U.G.T.: 74 votos; 3 Delegados.
4. C.G.T.: 44 votos; 2 Delegados.
5. U.T.S.: 20 votos; 0 Delegados.

A C.I.G. entende que o Comité Provincial é a representación unitaria de todos/as os/as traballadores/as da provincia, e como tal debe recoller a vontade expresada nos votos emitidos por todos/as; por iso sempre defendemos, **como criterio**, que se lle outorgara **a presidencia ó sindicato máis votado e a secretaría á segunda forza máis votada**.

Desta maneira a dirección e a xestión do comité estaría apoiada polo maior número de votos posible e, xunto cun Regulamento de Funcionamento que facilite a participación de todos/as, **debería posibilitar a unanimidade na designación de cargos**. Desta maneira poderíamos contar cun Comité forte e capaz de facerse respectar pola Empresa para defender os intereses do cadro de persoal da provincia.

Pero parece que o destino que CC.OO. e U.G.T. teñen previsto para este órgano é outro ben diferente: poñelo á súa exclusiva disposición para os duros tempos que afrontamos; por iso, desatenderon a nosa petición de Comisión de Xestión previa ó Comité, **proposta que fixemos para buscar os acordos** que permitirían a unanimidade que tanto necesitamos.

Ao contrario, excluiron o resto de forzas sindicais e reuníronse ás agachadas para preparar unha reforma do Regulamento, unha Dirección sectoria do Comité e apartarnos ós demais da Comisión de Prevención e da Comisión de control de Horas extraordinarias. O resultado:

- Presidente, CC.OO.; Secretario: U.G.T.;
- Comisión de Prevención: 3 CC.OO., 3 U.G.T.
- Comisión de Horas: 1 de CC.OO.; 1 de U.G.T.

Con estas decisións, **CC.OO. e U.G.T. acaban de laminar a vontade expresa de 159 traballadores/as** que votaron outras opcións, pero sobre todo, debilitaron o Comité provincial.

Deseguido, aplicaron o novo regulamento para impedir a celebración dun pleno extraordinario proposto pola C.I.G. para tratar asuntos da máxima importancia e urxencia, como son:

-Externalización de traballos, **Pago por Acceso e Quendas en I+M**. Asembleas de afectados.

-Propostas para o C.I. retomar o problema dos **Despedimentos** en aplicación da lexislación xeral, contra a Normativa Laboral de Telefónica. Mobilizacións provinciais contra os Despidos.

-Aplicación provincial da sentenza do Conflito Colectivo por recoñecemento de **Antigüidade**.

-Rexeitar as últimas accións unilaterais da Empresa en Pontevedra e defender o Emprego en Telefónica e o **papel dos Comités na xestión colectiva da Relación Laboral**.

O tratamento de todos estes temas adiáronse ata a vindeira convocatoria, o 13 de maio.

Desde a representación que nos outorgástedes, **como segunda forza sindical**, seguiremos a traballar por **recuperar o Comité para os traballadores/as**, defendendo un regulamento máis participativo **que inclúa a obriga de consulta e as asembleas nos centros e na provincia**.